

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA (ESPAÑA) E A SVEUČILIŠTE U ZADRU (CROACIA) PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E MAIS A PROMOCIÓN DA LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

Santiago de Compostela/Zádar,

REUNIDOS:

- José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG num. 73 do 14 de abril) e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 146/2024, do 20 de maio (DOG nº 101, do 27 de maio), no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e que actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.
- Josip Faričić, reitor da Universidade de Zadar, que actúa en representación da Universidade conforme ao estipulado no artigo 7 parágrafo 2 da Lei de fundación da Universidade de Zadar («Narodne novine» 83/02), no artigo 13 da Lei de actividade científica e educación superior («Narodne novine» 119/22) e nos artigos 17 e 18 do Estatuto da Universidade de Zadar (texto revisado, abril de 2025).

MANIFESTAN:

1. A Xunta de Galicia (en adiante, Xunta), a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en adiante, consellería), promove o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas, como rasgo diferenciador e máxima expresión identitaria do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico. Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura do presente convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade derívase da conxunción do obxecto do mesmo e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.
2. A Sveučilište u Zadru (en adiante, universidade) é o centro público de estudos superiores de referencia no seu ámbito territorial e o único que dispón da infraestrutura material e persoal axeitados para levar a cabo accións de difusión da lingua galega. Esta exclusividade académica fai evidente a imposibilidade de promover a concorrencia en convocatoria pública.

3. A universidade, que declara cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 2007, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación do ensino da lingua, literatura e cultura galegas aos plans de estudo da universidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polos seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Sveučilište u Zadru para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas non só no ámbito académico da universidade senón tamén na súa área de influencia, de conformidade co establecido nos acordos segundo e terceiro.

De conformidade co sinalado no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a sinatura deste convenio non é posible promover a concorrência pública, xa que a Sveučilište u Zadru é a referente no estudo do galego no seu ámbito territorial e ademais a sinatura do convenio atópase dentro da "Proposta de criterios obxectivos e planificación dos convenios de colaboración a subscribir pola Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativas ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega", elaborada pola devandita secretaria xeral o 28 de xaneiro de 2025.

Segundo.- Compromisos da Universidade

A) Darlle continuidade ao ensino da lingua, literatura e cultura galegas nos plans de estudo vixentes.

A actividade docente traducirase na oferta das seguintes materias:

- Lingua galega A1.1, Lingua galega A1.2, Lingua galega A2.1, Lingua galega A2.2, Lingua galega B1.1, Lingua galega B1.2: 3 créditos, 4 horas semanais, semestral, obrigatorias para os estudantes do grao de Filoloxía hispánica (debendo elixir entre esta e a lingua catalá ou a portuguesa) e de libre elección para o resto dos estudantes da universidade, tendo prioridade os de Filoloxía Hispánica impartidas polo/a lector/a.
- Lingua galega B1.3, Lingua galega B1.4, Lingua galega B2.1, Lingua galega B2.2: 3 créditos, 4 horas semanais, semestral, optativas para os estudantes do máster de Filoloxía hispánica e de libre elección para o resto dos estudantes da universidade impartidas polo/a lector/a.

B) Organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, literatura e cultura galegas, tales como: cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Na cartelería, dípticos, anuncios ou calquera outro elemento con fins publicitarios que se empreguen para anunciar actividades financiadas con cargo á subvención prevista neste convenio deberá incluírse o logotipo oficial da Xunta de Galicia, así como nas publicacións financiadas, en todo ou en parte, con fondos recollidos neste convenio. Neste último caso, a universidade deberá remitirille á consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua (en diante, SXL), unha decena de exemplares.

Nas universidades estranxeiras situadas en cidades nas que haxa centros do Instituto Cervantes, as/os lectoras/es poderán desenvolver cursos de lingua e cultura galegas neses centros, baixo a supervisión e coordinación destes, así como colaborar noutras actividades conxuntas a prol da promoción da lingua e da cultura galegas.

C) Acoller, durante a vixencia deste convenio, o/a lector/a de lingua, literatura e cultura galegas a que se refire a alínea C) do acordo terceiro.

A universidade, respectando a súa propia normativa, facilitaralle ao/á lector/a a utilización dun despacho, permitirlle o uso daquelas instalacións universitarias que se atopen á disposición do profesorado para o desenvolvemento do seu labor docente, facilitaralle o acceso aos medios informáticos, reprográficos, videográficos, bibliográficos, etc. que precise para cumprir axeitadamente co seu cometido e, así mesmo, prestarlle o asesoramento e orientación que necesite sobre aquelas obrigas de carácter burocrático que deba cumprir.

D) Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestructural necesario para realizar as accións recollidas nas alíneas A) e B) deste acordo segundo.

A persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, en colaboración co/oa lector/a, incluírá na memoria de actuación recollida no acordo quinto, unha relación debidamente detallada do material non funxible adquirido con cargo á subvención prevista neste convenio.

E) Presentar, no momento previo á sinatura do convenio e antes de cada un dos pagamentos previstos, a declaración responsable de estar ao corrente, en España, das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a que fai referencia o artigo 11º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como de non ter débedas pendentes coa Administración pública galega.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para que solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, agás que se opoñan expresamente á citada consulta.

Terceiro.- Compromisos da Consellería

A consellería, a través da SXL, comprométese a colaborar coa universidade na realización das accións previstas neste convenio coas seguintes actuacións:

A) Prestaralle a orientación e apoio pedagóxicos e didácticos que demande para levar a cabo as actuacións de docencia recollidas na alínea A) do acordo anterior.

B) Daralle o apoio institucional e o asesoramento técnico que precise para organizar as actividades recollidas na alínea B) do acordo anterior.

C) Destinar á universidade, durante a vixencia deste convenio, un/unha lector/a de lingua, literatura e cultura galegas.

Na selección do/a lector/a, que se produce a través dunha convocatoria publica anunciada no Diario Oficial de Galicia, intervén un representante da propia universidade formando parte, como membro de pleno dereito, da comisión de valoración.

O/A lector/a, baixo a dirección da persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, en permanente coordinación e colaboración con este e como complemento práctico ao seu programa de formación, atenderá as demandas da universidade en relación cos compromisos adquiridos pola consellería nas alíneas A) e B) deste acordo, e desenvolverá actividades relacionadas co disposto nas alíneas A) e B) do acordo segundo.

D) Realizará campañas de divulgación e difusión en relación coas actividades desenvolvidas pola universidade en aplicación deste convenio, a través da súa páxina web oficial, notas de prensa e calquera outra que estime adecuada á actividade desenvolvida.

Nas que deberán aparecer os datos desagregados por sexo e incluír indicadores por razón de xénero, nos que se teñan en conta as fendas entre mulleres e homes.

Cuarto.- Financiamento

A consellería, a través da SXL, para financiar os gastos que se deriven da execución das accións contempladas nas alíneas A), B) e D) do acordo segundo, colaborará cunha achega económica máxima de **doce mil euros (12.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.790.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

- 2025: un máximo de **mil euros (1.000,00 €)**
- 2026: un máximo de **catro mil euros (4.000,00 €)**
- 2027: un máximo de **catro mil euros (4.000,00 €)**
- 2028: un máximo de **tres mil euros (3.000,00 €)**

O libramento destes importes anuais a favor da universidade poderase realizar nunha soa entrega en cada anualidade, logo de que se presente a documentación requirida para efectuar

os pagos anuais e final, ou ben a través do seguinte procedemento:

- Un anticipo equivalente ao 50% da cantidade máxima prevista para cada exercicio económico, cando se cumpran os seguintes requisitos:

-Que o convenio estea asinado e en vigor.

-Que a directora ou director do Centro de Estudos Galegos lle remita á consellería, a través da SXL, unha programación que conte coa conformidade desta e que estableza as actividades previstas para o ano correspondente. Esta programación deberá estar asinada pola persoa que ocupe a Dirección e pola lectora ou lector.

Os pagos anticipados das anualidades dos anos 2026, 2027 e 2028 soamente poderán ter lugar logo da completa xustificación das anualidades precedentes por parte da entidade beneficiaria.

Para os efectos deste anticipo e en virtude do disposto no artigo 65.5 do Decreto 11/2009, a universidade queda exonerada da constitución de garantía para os efectos dos anticipos e dos pagos a conta.

- Un pagamento a conta, polo restante 50%, unha vez que a universidade lle remita á consellería, a través da SXL, antes do 20 de decembro dos anos 2025, 2026 e 2027, a seguinte documentación:

-A conta xustificativa a que se refire o acordo quinto.

-Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

- Un pago final correspondente ao ano 2028. A presentación da citada documentación deberá remitirse antes do 20 de setembro.

Quinto.- Xustificación da subvención

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente, na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Antes do remate de cada unha das anualidades dos anos 2025, 2026 e 2027, coa data límite de 20 de decembro e do 20 de setembro para o ano 2028, a persoa responsable dos estudos de galego, ou persoa autorizada, remitiralle á Consellería, a través da SXL, a conta xustificativa, integrada pola seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación sobre as actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas nos acordos deste convenio que abranguerá o período correspondente ao curso académico. Este documento deberá entregarse en soporte informático e impreso. E os datos deberán aparecer desagregados por sexo e incluír indicadores por razón de xénero.

- Unha certificación, expedida pola persoa responsable do Centro de Estudos Galegos ou pola persoa titular do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario, que acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como o investimento da subvención anual na realización das devanditas accións e o pagamento efectivo destes investimentos. Esta certificación, de non estar redactada en galego ou castelán, deberá vir acompañada dunha tradución a unha destas dúas linguas, preferentemente á lingua galega.

A maiores, esta certificación incluírá a seguinte información:

- O importe da subvención anual previsto neste convenio.
 - Se é o caso, o importe e a procedencia dos fondos complementarios a que se refire o Acordo décimo segundo.
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos na que se identifique o acredor e se recolla o documento xustificativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e a de pagamento.
- Achegaranse tamén os correspondentes xustificantes dos gastos (facturas, recibos, etc.) e dos pagamentos.

Se por calquera circunstancia a universidade incumpre a obriga de xustificación da subvención ou incorre en calquera dos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esixírase o reintegro das cantidades percibidas e o xuro de mora correspondente. Non obstante, se a cantidade xustificada é inferior á subvención contemplada no convenio, a consellería, a través da SXL, procederá a minorar o importe do libramento liquidatorio da subvención concedida, de xeito que, por si só ou, de ser o caso, sumado ao anticipo, o resultado se corresponda coa cantidade total xustificada. En ningún caso se poderá incorporar ao exercicio seguinte o importe da subvención que non se xustificase.

Sexto.- Centro de Estudos Galegos

Dentro da universidade, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación dos acordos deste convenio. Non obstante, esta denominación non implica a creación formal dunha unidade do tipo Centar recoñecida no estatuto da universidade, senón que se usará para referirse á presenza do lectorado de galego na dita universidade.

Como responsable do mesmo figurará o profesor asistente Alejandro Martínez Vicente, quen, dada a súa vinculación coa universidade, actuará como persoa de enlace entre esta e a consellería, a través da SXL. Responsabilizarase de todos aqueles trámites que sexan precisos entre ambas as institucións, velará polo cumprimento dos acordos recollidos neste convenio e deberá poñer en inmediato coñecemento das partes aqueles incumprimentos que, ao seu parecer, se estean a producir.

Se por calquera causa fose preciso substituír ao responsable do Centro de Estudos Galegos, a universidade proporalle á consellería, a través da SXL, o nomeamento dunha nova persoa á fronte deste, e esta comunicará a súa conformidade ou non co devandito nomeamento.

Sétimo.- Control

Os servizos técnicos da consellería, a través da SXL, seguirán e supervisarán a realización das accións acordadas neste convenio para verificar a súa adecuación á finalidade que determinou a concesión da subvención e, así mesmo, comprobarán a axeitada xustificación desta. No caso de apreciaren incumprimentos, poderán formular ao respecto os reparos que consideren oportunos. De non proceder a universidade a corrixir os defectos sinalados, considerarase que houbo incumprimento do convenio e este poderá ser resolto mediante comunicación escrita e fidedigna á outra parte, nos termos previstos no acordo noveno.

A consellería, a través da SXL, reserva para si o dereito de solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do cumprimento deste convenio.

Así mesmo, a universidade está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención contida neste convenio e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificación do convenio.

Oitavo.- Vixencia

Este convenio permanecerá vixente durante o período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2028. En todo caso, ha de indicarse que os seus efectos económicos se considerarán desde o 1 de outubro de 2025 e non é posible a súa prórroga.

Noveno.- Noveno. Causas de resolución e modificación

9.1. Causas de resolución

O convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos acordos que nel se recollen.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.
- Por mutuo acordo das partes.
- Cando algunha das partes, por causa sobrevida, o considere lesivo para os seus intereses.
- Cando, por causa debidamente xustificada ou de forza maior, as partes, ou algunha delas, se vexan imposibilitadas para continuar o cumprimento do convenio.

En calquera caso, agás no suposto de que se produza o mutuo acordo das partes, o acordo de resolución do convenio debe vir precedido da súa denuncia, mediante comunicación escrita e fidedigna, por algunha das partes, formulada, polo menos, cun mes de antelación.

De resolverse o convenio, a consellería, a través da SXL, esixirá, de ser o caso, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e máis os correspondentes xuros.

9.2. Causas de modificación

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

Décimo.- Exoneración de responsabilidade

A sinatura deste convenio non implica ningún tipo de relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeiro.- Solución de controversias

As posibles discrepancias na aplicación e/ou na interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre as persoas titulares das partes asinantes ou pola Comisión de Seguimento, constituída por dous representantes da consellería, nomeados pola persoa titular, un dos cales actuará como presidente/a, e dous membros da universidade, nomeados polo/a reitor ou reitora. De non chegar a acordo, será a xurisdición contencioso-administrativa a que resolverá as cuestións litixiosas que xurdan na aplicación deste convenio.

Décimo segundo.- Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade.

Con todo, en ningún caso os ingresos, axudas ou subvención percibidas poderán superar o custo das actividades subvencionadas.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, solicitados ás distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100% do custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Registro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte da universidade para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao devandito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A universidade deberá cumprir cos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, ao asinaren este convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e máis o resto das especificacións que nel se recollan poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo cuarto. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir en todo momento as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinto. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establecidas na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público

autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal [artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei].

Décimo sexto.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétimo. Igualdade de xénero

Segundo o establecido no artigo 41 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a publicidade que comporte unha conduta discriminatoria considerarase ilícita, de conformidade co previsto na lexislación xeral de publicidade e comunicación audiovisual.

Polo que terán en conta que o xeito de publicitar as actividades e accións non sexa contraria á normativa, pola especial sensibilidade desta percepción na actividade en Galicia a nivel cultural e social.

Décimo oitavo.- Réxime xurídico aplicable

O réxime xurídico aplicable ao presente convenio é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coa modificación introducida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e coa exclusión dos artigos 78 e 79 e disposición

adicional cuarta expresamente derogados pola Lei 9/2007; artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e o Decreto 146/2024, do 20 de maio (DOG nº 101, do 27 de maio), no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Ambas as partes manifestan estaren de acordo, asinan catro exemplares deste convenio, dous en idioma galego e dous en idioma croata, todos eles con idéntica validez, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

O reitor da Universidade de Zadar

José López Campos

Prof. Dr. Sc. Josip Faričić

